

MATANGI/ MAYA/M.I.A.

[Stephen Loveridge, 2018]

473

PASE ÚNICO EN NUMAX: 07.01.2018 | V.O.S.E.

Matangi / Maya / M.I.A. (2018, 90')

Dirección: Stephen Loveridge

Guión: Stephen Loveridge

Participación: M.I.A.

Son: Ron Bochar, Haresh Patel, Sara Stern

Montaxe: Marina Katz, Gabriel Rhodes

Música: Dhani Harrison, Paul Hicks

Fotografía: Graham Boonzaaier, Catherine Goldschmidt, Matt Wainwright

Produtora: Cinereach (Reino Unido-EEUU)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Sundance 2018 (Premio Especial do Xurado World Cinema)

FILMOGRAFÍA

No Experience Necessary (2002)
[curtametraxe]

SINOPSE

Dúas décadas de vídeos caseiros revélanos a vida de M.I.A., primeiro como refuxiada en Londres fuxindo da guerra en Sri Lanka e logo como estrela nun negocio que non tolera posicionamentos políticos. Cineasta de vocación, M.I.A. empezou a gravar hai vintedous anos a súa vida e a da súa contorna no sur de Londres, onde a súa familia, de orixe támil, se refuxiou escapando da guerra.

«Está chea de momentos fascinantes. O verdadeiro pracer do filme, e por que creo que existe, é saber como se han beneficiar as futuras xeracións da historia de M.I.A.»

Oliver Keens, TIME OUT

OS OLLOS VERDES 18/19

OCINEMA INÉDITO
DE NUMAX



“Por que es unha artista problemática?” Preguntan a M.I.A., acrónimo de *Missing In Action* (desaparecida en acción). Ela mira a cámara e contesta: “Por que non calo e saco un tema comercial? Se calase e sacase un tema comercial, tería que facerme drogadicta e morrer de sobredose. Iso é o que pasa cando non expresas o que necesitas expresar”. A conversa transcorre durante un dos descansos de gravación do polémico videoclip *Borders* de 2015 no que a artista británica aparece capitaneando un barco feito por decenas de corpos de refuxiados. E así comeza Matangi / Maya / M.I.A., o documental aclamado en Sundance que indaga nas raíces do activismo social e político que definen a carreira da cantante.

Steve Loveridge, amigo de Arulpragasam desde que estudaron Arte no Central Saint Martins de Londres en 1996, detén a súa mirada na persoa, máis que na artista. O enfoque non é novo, pero o feito de que gran parte do filmado (máis de 700 horas) fora gravado pola propia M.I.A. outorga ao filme unha inmediatez que captura rapidamente a atención. En total, máis de dúas décadas de gravacións grazas ás cales asistimos a escenas sorprendentemente íntimas e moi persoais da artista, nunca amosadas até agora.

Publicado en elpais.com
Traducións: Olalla Cociña

* * *

“Os días da hipocrisía e de ver só os teus problemas de xeito illado remataron”

Entrevista a Maya Arulpragasam

Por Spencer Kornhaber

O que pasou nas Nacións Unidas non era o que esperabas, ou? Si, por desgraza estábamos no mesmo barco esta mañá, pero facendo cousas contrarias. Sri Lanka basicamente di: “Como país independente, non queremos poder

estranxeiro exercendo influencia sobre nós. Queremos que a comunidade internacional nos deixe resolver os nosos propios problemas”. Sirisena non fixo nada por respectar a comunidade támil, nin por sandar nin por reconciliar. A comunidade internacional non debería apoiálo.

Diso trata o documental en boa parte, o teu empeño en conseguir que o mundo se preocupe de Sri Lanka. Pensas que o filme recibirá unha resposta diferente á de 2009, cando protestaches tratando de atraer a atención sobre o bombardeo ao pobo támil? Enfronteime a xente optimista de máis a respecto da opresión do estado. Crían que se faría un esforzo para cambiar. Pero despois de 10 anos de esperar pola xustiza, o pobo támil non foi escoitado, a militarización en Sri Lanka incrementouse e o país ten unha débeda con China de billóns de dólares. Por sorte a xente entendeume, e non me ven como unha estrela do pop prepotente que está a usar isto para ter máis fama. Un millón de táviles están na diáspora e foron silenciados cando a guerra rematou. Chamáronlles terroristas. Dixéronlles que non sentisen orgullosos de quen eran nin da súa bandeira. Despois de dez anos esperando, non houbo ningún progreso no Sri Lanka, que cada vez é máis extremista. O extremismo budista chauvinista e fascista está incitando accións de odio, non só contra o pobo támil, senón tamén contra o pobo musulmán. O modelo Sri Lanka esténdese coma o cancro a outros países como Burma. Estaría ben que vísedes o documental *No Fire Zone: In the Killing Fields of Sri Lanka* (Callum Macrae, 2019) para ver o que pasa.

As persoas que son seguidoras túas deberían estar contigo nestes asuntos, preocuparse polo que está pasando en Sri Lanka e transmitilo? Nunca lles preguntei se estaban comigo antes, pero creo que agora si deberían estar comigo. Sobre todo en América, non podes falar de activismo, estar en contra de Donald Trump, estar en contra do goberno de dereitas, as mulleres en contra da violencia sexual, do racismo, do xenocidio -non podes estar en contra destas cousas e logo non estar con alguén que está do mesmo lado das cousas. Vivimos nunha comunidade global. Os días da hipocrisía e de ver só os teus problemas de xeito illado remataron.

A loita do pobo támil conectan coa loita de quen combate a represión do estado. Se es támil podes relacionalo co que lle está pasando á comunidade afroamericana de América. Podes relacionalo co que sucede no Iémen ou cos disidentes rohingyas. É difícil falar de inmigración ou dos problemas dos refuxiados sen falar antes de como a xente acaba nunha ou noutra categoría e que é o que unha persoa sexa refuxiada.

Publicado en theatlantic.com

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX* proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional. *Os ollos verdes* conta co apoio da Universidade de Santiago de Compostela, o que permite que as persoas estudantes da USC inscritas no programa teñan **unha tarifa reducida de 4€** e a posibilidade de acadar **1 crédito ECTS** para quen acodan a un mínimo de 12 sesións ao longo do curso 2018/2019 e realicen un traballo á conclusión. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org